

# LE PONT DU NORD

Jacques Rivette, 1981

# 1317

ESTREA EN NUMAX: 25.06.2024 | V.O.S.G. | 127 min

Marie acaba de saír de prisión e xa non atura máis vivir entre catro paredes. Mentres camiña por París crúzase con Baptiste, unha moza moi estraña que se converte no seu anxo da garda. Xuntas deberán resolver un escuro asunto no que está involucrado Julien, a exparella de Marie. O centro deste complexo quebracabezas é un maletín que contén unha escolma de artigos xornalísticos e uns planos de París que conducen a un estraño labirinto.

«Bulle chega aquí a unha especie de inmensidade, é un tsunami»

Marguerite Duras



## Un enigma e un baile

Por Serge Daney

Por comodidade, dicimos: vou ver unha película. A miúdo, non vemos máis que dúas ou tres imaxes flotando na nada, anuncios vergoñentos, anuncios estirados, pero tanto ten, dicimos: vin unha película. Ás veces vemos verdadeiramente unha película, algo que non se parece a nada coñecido. *Le Pont du nord*, por exemplo. E aí, se somos honestos diremos: vin películas, ou: vin cinema. Matiz.

Tomo un exemplo. Cara ao final de *Le Pont du nord*, as dúas Ogier deambulan polo final dunha vía de tren. Mentres que Marie (Bulle) soliloquia, Baptiste (Pascale) baixa ao chan e pega a súa orella á vía. Lixeira euforia na sala, gag cinéfilo, flash: vimos xa esta imaxe, vímolos cen veces, pero vímolos noutra parte: nos westerns. É a situación clásica do xusticieiro solitario perdido nunha terra estraña e seguímolo coa obstinación lenta dun Rantanplan con Lucky Luke ou John Derek nun western de Ray (en *Busca o teu refuxio* -1955-, para ser exactos).

Salvo que con Rivette é máis que un gag, e dan ganas entón de volver ver *Le Pont du nord* desde o principio, como un western. A película déixase facer: a cidade de formigón e de ferralla é como un deserto (non atopamos a ninguén), os indios (os Max) están por todas partes, hai refuxios para a noite, pequenos oasis, unha carta, un compás, combates singulares. É preciso acabar cunha vella historia rancia, e soñar con repousala –despois.

*Le Pont du nord* é tamén un thriller político coa caída da muller e o decorado urbano, un documental sobre o estado de París en 1981, un vello filme moderno a base de relatos incompletos e indecibibles, tipo *Paris nous appartient* (1961), unha metáfora moderna dos mitos antigos cun fío de Ariadna e un Minotauro, etc. Estes non son «niveis de lectura», son películas que hai que ver e escoitar ao mesmo tempo.

É por iso que sería un fracaso tratar de resumir o guión de *Le Pont du nord*. Baixo o pretexto de que as dúas heroínas veñen de ningunha parte e erran por un París filmado como nunca (que bela cidade!), baixo o pretexto de que a película non se filmou en Ailleurs-les-Oies e que teña algo que ver co terrorismo, unha listaxe negra e moita paranoia, inclinariámonos rapidamente cara á alegoría simbolizante.

Non, é preciso (...) falar doutro xeito da película. Non partir do guión. Hai unha boa razón. O cinema de Rivette conta sempre a mesma historia: como esquecer o guión. Aquí, unha precisión: o Guión, son moitas cousas. É esta cousa religada e tapada na máquina, onde é preciso escribir para conseguir un Anticipo ou tranquilizar os financiadores. É esta fatalidade que fai que cada xeración se declare nun momento como «a xeración perdida». Por exemplo, a dos terroristas, os políticos e estéticos, pre e post sesenta e oito, da que os rostros de Bulle Ogier e Pierre Clémenti encarnan de forma case documental, ata na crispación ou o tic. Un guión, é tamén os curtacircuitos obsesivos, os rituais minúsculos onde sempre pasamos pola experiencia na vida e que forman os automatismos do cinema, a súa rede, dalgún modo. Unha mirada debe reencontrar un obxecto, é un guión, unha bala debe atravesar un corpo, sendo outro, unha frase debe ter unha caída, é normal. Todo guión é o relato dunha caída. (...) *Le Pont du nord* volve ao que Rivette fixera antes moi en serio. As dificultades entre o guión dos homes e o corpo das mulleres? Un enigma e un baile, máis nada.